


APAIXONANTE

Rutas en moto

SINTE RÍAS BAIXAS



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

 ríasbaixas



Edita: Turismo Rías Baixas—Deputación de Pontevedra

Fotografías: Arquivo Turismo Rías Baixas

Diseño e maquetación: Anónimo Advertising



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA





A viaxe que sempre soñaches

SINTE RÍAS BAIXAS

Din que quen o proba está condenado. Que unha vez que fas a túa primeira viaxe en moto non volves ser a mesma persoa. Nesta guía queremos que te imaxines percorrendo **As Rías Baixas de punta a punta coa túa compañeira de dúas rodas** porque, se o imaxinas ben, é probable que se faga realidade. Podemos asegurarche que este é un lugar diferente e que o que vas experimentar non ten precedentes: beleza natural, unha cultura milenaria, paisaxes de ilusión e, sobre todo, unha xente coma ningunha outra. **As Rías Baixas marcan. Déixate conquistar.**



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA




X riasbaixas



ÍNDICE

- Páx. **6 RUTA COSTA LONGA**
A Guarda-Catoira
Atlánticamente
- 16 RUTA COSTA CURTA**
Baiona-Pontevedra
Descubriendo o paraíso
- 24 RUTA INTERIOR COSTA**
A Cañiza-A Guarda
A vida que flúe
- 30 RUTA INTERIOR**
Silleda-Combarro
Un camiño en equilibrio
- 37 Consellos para viaxar en moto**



1 RUTA COSTA LONGA

- A **A Guarda**
- B Muíños do Folón e do Picón
- C Pozas de Mougás
- D Baiona
- E Vigo
- F Redondela
- G Pontevedra
- H Sanxenxo
- I A Lanzada
- J O Grove
- K Illa da Toxa
- L Cambados
- M A Illa de Arousa
- N Vilagarcía de Arousa
- O **Catoira**




DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

 riasbaixas



RUTA COSTA LONGA





Atlanticamente

A GUARDA-CATOIRA

165 km aprox.

A Inicio: A Guarda

Esta ruta comeza na Guarda, unha pequena vila no punto máis ao sur das Rías Baixas. Á beira dela (ou quizais ao revés), o río Miño. Do outro lado, Portugal. Antes de iniciar a ruta en moto, recomendámosche que visites o xacemento arqueolóxico de Santa Trega, un dos recursos turísticos e culturais máis visitados de Galicia cuxos restos máis antigos se remontan ao século IV a.C.

B Punto de interese: muíños do Folón e do Picón

Os muíños do Folón e do Picón, aos que chegarás desde A Guarda pola PO-353, forman parte do rico patrimonio etnográfico que posúen As Rías Baixas e constitúen unha primeira parada perfecta para esta viaxe. A paraxe natural que os rodea é fascinante e retrata á perfección a beleza natural da zona do Rosal.



C Punto de interese: pozas de Mougás

Empeza a familiarizarte co océano Atlántico a través de estradas con impresionantes cantís e vistas ao mar. Recomendámosche que te dirixas ás pozas de Mougás, en Oia, a través da estrada Baiona-A Guarda (PO-552). Estas pozas son unha paraxe natural única onde poderás gozar do espectacular percorrido que ofrece a auga, dos importantes restos dunha fortificación castrexa (como o castro da Cabeciña) e dunha valiosa arquitectura relixiosa como o mosteiro de Santa María de Oia, fundado no ano 1137.



D Parada: Baiona

Sigue gozando do aire mariño e da espectacular paisaxe pola estrada Baiona-A Guarda (PO-552) ata chegar a Baiona, unha preciosa e elegante vila mariñeira protexida do mar por unha baía onde se atopa a formidable fortaleza de Monterreal, hoxe convertida en parador nacional. A súa riqueza patrimonial é tal que a súa zona antiga foi declarada Conxunto Histórico-Artístico. Parada obrigada.



E Parada: Vigo

O seguinte alto nesta ruta será Vigo, a cidade máis grande de Galicia. Podes chegar a ela por varios camiños, pero nós recomendámosche que collas a PO-552 para gozar dunha paisaxe coroada polas maxestosas illas Cíes. Inesquecible.

Xa en Vigo, a cidade ofréceche multitude de plans que facer e lugares que visitar. Sexa como sexa a túa parada (máis ou menos duradeira) recomendámosche que non perdas o monte do Castro, no centro (e punto máis alto) da cidade, e que aproveites para visitar o seu xacemento con restos castrexos dos séculos II a. C. e III d. C. Aproveita tamén para facer unhas boas fotos das espectaculares vistas que che ofrece este parque.



Bonus Track! Se decides quedar máis tempo, colle o barco e visita as illas Cíes, que forman parte do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, aquí poderás gozar da renomeada mellor praia do mundo (praia de Rodas) dunha beleza natural á que terminarás por chamar paraíso.



F Punto de interese: Redondela

Redondela conta cun rico patrimonio histórico, cultural e natural. É aquí onde poderás contemplar a gran ponte de Rande, que no seu momento foi a ponte atirantada máis longa do mundo. No fondo da ría atópase a enseada de San Simón, que alberga o arquipélago do mesmo nome, formado por catro illas cargadas de historia e lendas populares e onde se fraguou a famosa batalla de Rande. Aquí tamén se atopa o coñecido como o mellor banco do mundo, a onde poderás achegarte primeiro coa túa moto para continuar a pé por un camiño empedrado que vale a pena superar.

Para chegar a Redondela desde Vigo primeiro toma a PO-323 cara a Chapela e máis tarde, antes de chegar á ponte de Rande, desvíate cara á N-552 en dirección Redondela.



G Parada: Pontevedra

Desde Redondela diríxete cara a Pontevedra pola N-550. Esta preciosa cidade, capital da provincia, é un Conxunto Histórico-Artístico enmarcado nunha antiga zona amurallada e posúe un dos núcleos históricos mellor conservados de Galicia. O mellor que podes facer é aparcar a túa moto (case toda a cidade é peonil) e perderte entre as súas rúas, pola zona vella da cidade, gozando das casas e os pazos, das prazas e dos pequenos recunchos. Unha recomendación: visita a igrexa da Peregrina, xoia do Barroco, que ten a súa planta en forma de vieira (símbolo do Camiño de Santiago).



H Parada: Sanxenxo

Entramos na ría de Pontevedra coa seguinte parada desta ruta, Sanxenxo, un dos lugares de veraneo máis coñecidos das Rías Baixas ao que chegarás pola PO-308. Aquí recomendamos que goces do amplo lecer que che ofrece a cidade (sobre todo nocturno!), que visites as praias de Areas e Silgar (as máis coñecidas) e que, se tes tempo, visites o Centro de Interpretación das Telleiras. Este centro está aloxado nunha antiga fábrica onde se elaboraban tellas e ladrillos de forma artesanal; e hoxe en día consérvanse a súa estrutura de nave industrial e os antigos fornos de granito.



I Punto de interese: A Lanzada

Ao redor de Sanxenxo existen numerosísimos puntos de interese como a praia da Lanzada (PO-308), unha das máis famosas de Galicia, que posúe unha paisaxe que te cativará. Aquí notarás que o espírito surfeiro o invade todo; é imprescindible que a visites e te atrevas a practicar algún deporte acuático para aproveitar as súas grandes ondas e as súas inmejorables correntes de aire.



J Punto de interese: O Grove

Entra na pequena península do Grove outra vez pola PO-308 e goza das paisaxes mariñas máis espectaculares. A un lado, a ría de Pontevedra; ao outro, a enseada do Vao, unha zona húmida protexida declarada Lugar de Importancia Comunitaria grazas á súa riqueza natural. Podes percorrer a península de punta a punta pola EP-9101 empezando en San Vicente do Mar, onde tes a oportunidade de gozar da praia do Espiño, e acabar no Complexo Intermareal Umia-O Grove, un espazo natural protexido onde se atopan as salinas que lle deron o nome á súa comarca: O Salnés.



K Parada: Illa da Toxa

Desde O Grove non podes perder a Illa da Toxa, á que terás fácil acceso grazas á súa ponte. Aquí non deixes de visitar a ermida de San Sebastián, que lles rende culto a San Caralampio e á Virxe do Carme e que posúe unha fachada recuberta completamente de cunchas, nin deixes de dar unha tranquila camiñada polo paseo marítimo que rodea a illa e que te conquistará coas súas vistas.



L Punto de interese: Cambados

Cambados é un dos municipios máis importantes da comarca. Coñecido como a “capital do albariño”, esta vila é célebre pola súa famosa Festa do Albariño, creada en 1953 e declarada de Interese Turístico Nacional. Ten lugar a primeira fin de semana de agosto, pero se a túa viaxe non cadra por esas datas tes máis cousas que visitar. Nós recomendámosche a súa rede de museos integrada polo Museo Etnográfico e do Viño, a Casa-Museo do poeta cambadés Ramón Cabanillas, o muíño das mareas da Seca e a Casa-Museo do Pescador. Tamén che recomendamos unha visita á praza de Fefiñáns, formada polo espectacular pazo de Fefiñáns, o arco-ponte, a atalaia Torre da Homenaxe e a igrexa de San Bieito. Para chegar a Cambados desde A Toxa abandona a península do Grove e toma a PO-550.



M Parada: A Illa de Arousa

Entramos na ría de Arousa e dirixímonos á Illa de Arousa pola PO-549 ata chegar á PO-307, onde se atopa a ponte que conecta esta illa coa península. A Illa de Arousa, corazón da ría que leva ese mesmo nome, é unha reserva natural grazas aos seus 36 quilómetros de costa, dos que once son de praia con area fina e branca. Os lugares de maior interese e de obrigada visita son: o faro de punta Cabalo, o illote Areoso (aparca a moto e sube ao barco!) e o Parque Natural de Carreirón, catalogado como Zona de Especial Protección de Aves polas poboacións de garza real, entre outras moitas. Sen dúbida, un paraíso natural que te deixará coa boca aberta.



N Punto de interese: Vilagarcía de Arousa

Suxerímosche que te dirixas cara a Vilagarcía de Arousa pola PO-549, bordeando a costa e admirando a paisaxe. Unha vez na vila planifica ben o teu día, xa que tes moitas cousas que ver, por exemplo o pazo de Rubianes, unha fermosa construción con gárgolas nas cornixas e un xardín no que destacan as magnolias e máis de sesenta variedades de camelias. Tampouco podes perder os petróglifos dos Ballotes (para chegar colle primeiro a PO-548 e ao chegar ao Carril toma o desvío da PO-192), representacións de arte rupestre gravadas na rocha do segundo milenio a. C.

O Última parada: Catoira

A última parada desta ruta será Catoira, a onde chegarás pola PO-548. Aquí é onde se unen a desembocadura do río Ulla e a ría de Arousa. Grazas a esta situación privilexiada, as temperaturas son suaves case todo o ano. O seu contorno natural é un dos seus principais atractivos: paisaxes de bosques espesos, marismas, praias fluviais... Pero son os muíños de vento a máxima atracción, xa que Catoira é o único municipio de Galicia que posúe exemplos dos tres tipos de muíños tradicionais. O símbolo máis emblemático desta localidade foi desde sempre as Torres de Oeste, un conxunto fortificado ideado no século IX que estaba integrado no sistema defensivo de Santiago de Compostela e que, durante séculos, resistiu os ataques dos exércitos normandos e os piratas sarracenos. Non o podes perder.



Bonus Track! Xa que é a túa última parada, dáte un bo capricho e goza da mellor gastronomía galega. Que non falte o polbo, a empanada, o lacón, os pementos de Padrón e, por suposto, unha boa mariscada con todo o bo das Rías Baixas.



2 RUTA COSTA CURTA

- A **Baiona**
- B Praías de Panxón, Patos e Prado
- C Vigo
- D Moaña
- E Cangas
- F Cabo Home
- G Aldán
- H Bueu
- I Marín
- J **Pontevedra**



2 RUTA COSTA CURTA





Descubriendo o paraíso

BAIONA-PONTEVEDRA

62,5 km aprox.

A Inicio: Baiona

Unha ruta breve pero intensa con praias espectaculares que comeza en Baiona, unha vila medieval (e mariñeira) cun encanto moi especial. Aparca a moto e percorre as súas pequenas rúas a pé, goza dun bo marisco e, como non, dun bo viño Rías Baixas. Dato de interese: se viaxas durante a primeira fin de semana de marzo, non perdas a Arribada, catalogada como Festa de Interese Turístico Internacional que conmemora a chegada de Martín Alonso Pinzón á vila tras o descubrimento de América.

B Punto de interese: praias de Panxón, Patos e Prado

O primeiro gran punto de interese desta ruta son tres espectaculares praias: Panxón, Patos e Prado, ás que chegarás pola PO-552. Esta parada é perfecta para quen quere probar sorte cos deportes acuáticos, xa que estas tres praias (especialmente Patos e Prado) son visitadas habitualmente polos amantes do surf, do windsurf e doutros deportes náuticos. Recomendámosche que te animes e non temas as ondas, máis ben todo o contrario: goza delas.



C Parada: Vigo

A cidade olívica convídate a visitala e a gozar das súas preciosas vistas á ría. Aquí podes visitar, entre outros puntos de interese, o Museo de Arte Contemporánea de Vigo (MARCO), un dos espazos artísticos máis importantes de Galicia, construído no mesmo edificio que albergou un cárcere no pasado século. Tampouco podes perder o monte do Castro, onde poderás facer espectaculares fotos da ría, ou o Casco Vello cos seus innumerables restaurantes e pubs. Para chegar a Vigo desde as praias colle outra vez a PO-552.



D Parada: Moaña

Deixamos atrás a cidade máis grande de Galicia e poñemos rumbo a Moaña, primeiro pola AP-9 (cruzarás a ponte de Rande), para máis tarde bordear a costa pola PO-551. Este pequeno municipio mariñeiro é coñecido polo seu bo tempo e por ser o punto de inicio dunha ampla zona de praias paradisíacas. Se queres descansar un intre de tanto conducir, recomendámosche que visites as praias da Xunqueira e do Con. Tamén podes gozar da famosa ruta do río da Fraga, unha das máis aclamadas polas e polos sendeiristas debido á súa beleza e por estar moi ben cuidada. Se te atreves a facela prepárate para ver todo tipo de especies arbóreas durante o camiño (desde castiñeiros ata carballos, loureiros, amieiros e mesmo salgueiros choróns) e para darte un baño nalgunha das súas fervezas.



E Parada: Cangas

Partimos cara a Cangas, primeiro polo corredor do Morrazo, despois pola PO-313 e finalmente pola PO-551. Cangas é outro municipio mariñeiro moi famoso polas súas praias. Para as e os máis atrevidos está a praia de Barra, unha praia nudista con augas cristalinas moi frecuentada.



F Parada: Cabo Home

Para a túa seguinte parada percorreremos unhas serpeantes rutas que nos levarán ata Cabo Home, que ofrece unha das vistas máis espectaculares que atoparás das illas Cíes e máis aló. Aquí só debes aparcar a túa moto e gozar do mar, a paisaxe, o aire e, se vas na hora xusta, do mellor solpor do mundo.

Para chegar desde Cangas, colle primeiro a PO-551 e despois a PO-315 durante 2,6 quilómetros, ata desviarte pola EP-1008 e reenganchar coa EP-1006.



Parada: Aldán

Aldán é unha pequena vila que esconde unha liña de praias e calas paradisíacas que parecen sacadas dunha película. Desde Cabo Home chegarás ata aquí pola EP-1006 e a PO-315, ata atopar un sinxelo porto mariñeiro de grandísimo encanto. As praias de Areabrava e de Areacova son simplemente perfectas. Non as podes perder!



Bonus Track! Na ría de Aldán tamén se atopa cabo Udra (pertencente xa a Bueu), unha paisaxe con belos tramos costeiros estendidos sobre cantís pedregosos, e as calas de Anoradoiro e Lagos. Na Aula de Natureza de cabo Udra, centro galardoado con bandeira azul, a e o visitante pode descubrir a importancia desta contorna e o seu valor biolóxico.

H Parada: Bueu

A seguinte parada desta ruta será en Bueu, a onde nos dirixiremos pola PO-315. Esta vila está situada na enseada da ría de Pontevedra e combina unha gran riqueza natural coa historia que narran pazos e igrexas. Hai dous puntos importantes que visitar:

Museo Massó: instalado nunha antiga fábrica, percorre as primeiras manifestacións culturais humanas e posúe materiais etnográficos do mundo mariñeiro.

Illas de Ons: este arquipélago, composto por Ons, Onza e o illote das Freitasas, compite en beleza coas illas Cíes e está cheo de vida grazas ao afloramento de augas profundas ricas en nutrientes. Poboada aínda hoxe, ofrécelle a quen a visita coñecer as características dun pequeno núcleo rural costeiro. Imperdible!



I Parada: Marín

Marín é a penúltima parada desta ruta. Desde Bueu, colle primeiro a PO-551 bordeando a costa en dirección a Marín. Cando chegues, sorprenderaste co grande encanto desta vila que che ofrece praias resgardadas de auga cristalina cunha gran vexetación como pano de fondo. Goza dun paseo pola cidade, dunha boa mariscada e, se che apetece un mergullo, pasa pola praia de Portocelo, unha das máis aclamadas da zona.



J Última parada: Pontevedra

Chegamos ao final. Desde Marín non tardarás máis de 15 minutos en chegar a Pontevedra pola estrada costeira PO-11. Unha vez na capital da provincia goza da súa historia a través das súas ruelas, o seu centro histórico, a súa particular arquitectura e os seus innumeraes museos, como o Museo de Pontevedra, composto por un total de 6 edificios e un amplo patrimonio etnográfico.





3

RUTA INTERIOR COSTA


- A **A Cañiza**
- B Arbo
- C Salvaterra de Miño
- D Tui
- E Goián
- F **A Guarda**



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



Xriasaixas





A vida que flúe

A CAÑIZA-A GUARDA

66,6 km aprox.

A Inicio: A Cañiza

Desde o nacemento do río Miño ata a súa desembocadura sucédense increíbles paisaxes á beira deste torrente. Un contorno natural único salpicado dunha riqueza patrimonial incalculable. Partirás desde A Cañiza, onde poderás visitar o famoso santuario de Santa María da Franqueira, coñecida como a Virxe da Franqueira, que posúe un gran séquito de fieis. A partir de aquí descubrirás unha ruta onde o patrimonio histórico das Rías Baixas é o protagonista.

B Parada: Arbo

A primeira parada desta ruta será en Arbo, un municipio interior coñecido como “a capital mundial da lamprea”. A lamprea é un aclamado peixe de forma alongada que ten fama de exquisito manxar e que é autóctono desta zona. Tamén é coñecido por ser pescado de maneira tradicional coas pesqueiras (é obrigado visitalas), unhas construcións que funcionan como obstáculos perpendiculares á corrente do río que as lampreas non poden salvar. Descubre en primeira persoa a maxia desta pesca tan ancestral visitando unha destas pesqueiras e, como non, animámoste a que probes este delicioso prato. Desde A Cañiza podes chegar a Arbo pola EP-5003.



Parada: Salvaterra de Miño

Abandona Arbo e diríxete a Salvaterra de Miño a través da PO-400. Por se non o sabías, esta localidade reborda historia a cada paso e podes admirar desde o primeiro instante o seu imperecedoiro esplendor. O seu recinto amurallado é unha construción orixinaria da Idade Media conformada por unha envexable atalaia sobre o río Miño. A súa historia áchase intimamente ligada a unha serie de acontecementos que lle dan nome a algunha das súas estancias máis características, como a presenza de Dona Urraca ou de Pedro Álvarez de Sotomayor, alias Pedro Madruga. Este conxunto histórico que constitúe a antiga fortaleza de Salvaterra de Miño foi declarado de Interese Cultural no ano 1949.



D Parada: Tui

Se tomamos a PO-404 chegamos a Tui, unha pequena vila situada a uns 25 minutos de Salvaterra de Miño coñecida por ser unha peculiar urbe medieval. Declarada Conxunto Histórico-Artístico, a cidade levántase nun pronunciado promontorio coroado pola catedral, desde onde parte un complexo labirinto de rúas con soportais en forma de enxame que se estenden ata o río Miño. A catedral é unha construción de estilo románico e oxival na que se atopa o Museo Catedralicio. Outros referentes culturais que podes visitar son o convento das Encerradas e a capela de San Telmo.



E Punto de interese: Goián

Goián é unha parroquia do municipio de Tomiño á que podes chegar pola PO-552. Aquí debes visitar a impresionante fortaleza militar de Goián, tamén coñecida como forte de San Lourenzo, un sistema que enfronta dúas poboacións de diferentes países. Foi construída tras a Guerra da Restauración en 1668 de cara a un posible conflito con Portugal e hoxe é un dos puntos máis visitados desta zona.

Bonus Track! Goián dispón dunha pequena praia fluvial do mesmo nome onde te podes refrescar e contemplar a bela paisaxe que debuxa o río Miño.



F Última parada: A Guarda

A última parada desta ruta é na Guarda. Para chegar toma novamente a PO-552 e goza da paisaxe que o río Miño che regala ata chegar ao Atlántico. Unha vez na Guarda é hora de visitar Santa Trega, un poboado castrexo-romano cuxa ocupación se sitúa dentro da cultura castrexa. O poboado data do século IV a. C. e conta con máis de 700 metros de extensión, o que o converte nun dos maiores castros atopados en terras galegas. Entre os anos 2015 e 2016 descubríronse importantes achados neste xacemento, como unha cabeza de pedra, ánforas e lucernas romanas, pezas de *terra sigillata*, fragmentos de labras decoradas e máis de 42.500 pezas e elementos pétreos. Santa Trega é, sen dúbida, un dos legados patrimoniais máis importantes das Rías Baixas e de Galicia.





4

RUTA INTERIOR


- A **Silleda**
- B Lalín
- C Forcarei
- D Pontevedra
- E **Combarro**



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

X riasbaixas

4 RUTA INTERIOR





Un camiño en equilibrio

SILLEDA-COMBARRO

70,3 km aprox.

A Inicio: Silleda

Silleda é un enclave perfecto para empezar esta ruta, que mestura natureza e cultura e que, en apenas 70 km, descobre a esencia máis única de Galicia: desde fervezas ata mosteiros. Alucinarás desde a túa moto coas paisaxes e os restos de historia que se irán cruzando no teu camiño.

Podes comezar visitando o mosteiro de Carboeiro (colle primeiro a PO-211 e logo a PO-6502), construído no ano 939 polos discípulos do mestre Mateo sobre unha pequena ermida chamada Éxica. Cando o vexas lembrarache a catedral de Santiago, xa que a súa ornamentación está estreitamente vinculada á dela. A igrexa foi construída xunto ao mosteiro a finais do século XII.



Imperdible en Silleda é tamén a ferverza do río Toxa, un fermoso espectáculo de auga, luz e son entre as parroquias de Pazos e Martixe. Está considerada a máis alta de Galicia en caída libre e constitúe un espazo de alto valor paisaxístico que forma parte do sistema fluvial Ulla-Deza e participa no proxecto europeo Rede Natura 2000 como Lugar de Importancia Comunitaria.

Desde o mosteiro de Carboeiro chegarás ata a ferverza do Toxa tomando primeiro a PO-6502 e logo a PO-204.



B Parada: Lalín

A seguinte parada é Lalín (toma primeiro a N-525 e despois a N-640), localidade que probablemente che soe pola súa afamada Feira do Cocido (na fin de semana previa ao Entroido). Aquí tes dous lugares de interese que visitar: o santuario da Virxe do Corpiño e o pazo de Liñares. O primeiro é un maxestoso santuario construído en 1650 que conta cun gran valor patrimonial, mentres que o segundo é un pazo de estilo barroco que data do século XVII, declarado Ben de Interese Cultural en 2009, e que foi o lugar de nacemento do famoso aviador Joaquín Loriga.

En Lalín tamén podes visitar a Fraga de Catasós, declarada Monumento Natural no ano 2000, que conta con excepcionais exemplares de castiñeiros e carballos.



C Parada: Forcarei

Pola PO-534 chegarás á seguinte parada desta ruta, Forcarei. Aquí poderás visitar o mosteiro de Aciveiro, unha xoia da arquitectura románica construída no ano 1135 baixo a tutela do rei galego Afonso VII. A súa igrexa posúe unha planta basilical dividida en tres naves e data do románico tardío.

En Forcarei tamén podes aparcas a túa moto e atreverte a facer unha das súas numerosas rutas de sendeirismo, como a da serra do Candán, unha das máis populares e coas mellores paisaxes naturais. Non a perdas.



D Parada: Pontevedra

Chegamos case ao final desta ruta pola N-541 ata Pontevedra. Aquí, ademais de gozar de toda a cidade e da súa zona vella (declarada Conxunto Histórico-Artístico), recomendámoches que visites o mosteiro de San Salvador de Lérez, un antigo mosteiro beneditino con elementos barrocos e neoclásicos que se cre que foi fundado no século IX.





Bonus Track! En Pontevedra cidade comeza a senda do Léz, unha atractiva e soada ruta que te levará polas paisaxes fluviais do río Léz a través dunha zona de alto valor ecolóxico. Durante o camiño descubrirás todo tipo de árbores e pequenos carreiros da antiga ruta de pescadores que se internan nos chamados salóns do Léz, zonas onde o río se remansa e discorre en calma.

E Última parada: **Combarro**

E así, pola PO-308, chegamos a Combarro, un fermoso conxunto histórico no que os hórreos e os cruceiros son os grandes protagonistas. Trátase dunha vila mariñeira moi turística con máis de 60 hórreos, dos que destaca o conxunto que conforman máis de 30 deles aliñados á beira da ría.





DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



X riasbaixas



CONSELLOS PARA VIAXAR EN MOTO

ANTES DE SAÍR

As viaxes en moto requiren unha coídana preparación. A continuación recomendámosche unha serie de pautas para seguir antes de saír:

- Faille unha boa revisión á túa moto antes de lanzarte á estrada, así poderás evitar imprevistos
- Organiza a equipaxe con antelación, pensando detalladamente en todo o que che pode facer falta. A nosa recomendación é que sexa lixeira e vaia ben suxeita para evitar accidentes
- Non esquezas levar os documentos persoais e os do vehículo
- Non improvises máis da conta, tenta planificar todas as rutas e distancias, ademais de asegurarte do estado das estradas e peaxes
- Moi importante: verifica onde se atopan exactamente as estacións de servizo polas que pasarás e, se é posible, márcalas nun mapa

DURANTE A VIAXE

Ademáis de gozar e deixarte levar polas paisaxes ten en conta un par de cousas:

- Aínda que queiras desconectar, mantén unha comunicación permanente con amizades e familiares para que coñezan a túa ruta e poidan localizarte se xorde algunha emerxencia
- Respecta sempre os sinais de tráfico
- Respecta os límites de velocidade
- Respecta a distancia de seguridade
- Se sentes cansazo fai unha parada para estirar as pernas, comer e recuperar forzas
- Recomendámosche que pares e descanses cada 2 horas de condución

1 RUTA COSTA LONGA

- A **A Guarda**
- B Muíños do Folón e do Picón
- C Pozas de Mougás
- D Baiona
- E Vigo
- F Redondela
- G Pontevedra
- H Sanxenxo
- I A Lanzada
- J O Grove
- K Illa da Toxa
- L Cambados
- M A Illa de Arousa
- N Vilagarcía de Arousa
- O **Catoira**

2 RUTA COSTA CURTA

- A **Baiona**
- B Praias de Panxón, Patos e Prado
- C Vigo
- D Moaña
- E Cangas
- F Cabo Home
- G Aldán
- H Bueu
- I Marín
- J **Pontevedra**

3 RUTA INTERIOR COSTA


- A **A Cañiza**
- B Arbo
- C Salvaterra de Miño
- D Tui
- E Goián
- F **A Guarda**

4 RUTA INTERIOR

- A **Silleda**
- B Lalín
- C Forcarei
- D Pontevedra
- E **Combarro**




1 RUTA COSTA LONGA




2 RUTA COSTA CURTA



3 RUTA INTERIOR COSTA



4 RUTA INTERIOR





APAIXONANTE

Rutas en moto

SINTE RÍAS BAIXAS



www.turismoriasbaixas.com

Pza. Santa María, s/n
36071 Pontevedra

Tel.: +34 886 211 700



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

